

paisaxes castrexas, nesa primeira etapa que ten afeitos os nosos ollos galegos a definir ou atopar a curva ou a recta, tamén, do castro, da fortificación, dun mundo que xa no s. VI a. C. construía as primeiras casas e cidades de pedra tan características. E seguiremos en agosto e outubro cos outros aspectos do ferro, máis actuais, pero que non se entenderían sen o inicio tan afastado que fixo debercer e loitar a humanidade polo control dese metal.

Os galegos e galegas démoslle á Idade do Ferro unhas características propias, como é condición das culturas moi definidas. Carácter, pois, nacional. Agora tócanos a nós, hoxe, saber o que pasou onte, e gozar co que aínda estamos a producir e a imaxinar. Que conferencias e viaxes vos sexan de proveito e diversión. Esa é a fin que perseguimos.

Lois Diéguez
Lugo, marzo do 2010

Ciclo do Ferro

Marzo - Agosto - Outubro

Organiza

lugo Patrimonic

Patrocina



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura

Colabora

CONCELLO DE
RIOTORTO

mp
marinapatrimonio

www.lugopatrimonio.org
lugopatrimonio@lugopatrimonio.org

Ciclo do Ferro

Nos curtos anos de existencia que ten LugoPatrimonio levamos programadas actividades de tipo moi diverso, mais que teñen como punto de unión o noso patrimonio. Os elementos naturais ou artificiais, producidos pola xente de todas as épocas son, en certo xeito, unha cobiza nosa, pois deles depende o desenvolvemento da nosa sociedade. Daí xurdiron os Ciclos, o dedicado á Auga primeiro, e ao Viño despois, acompañados ambos os dous por un tipo de actividades paralelas desde o campo etnográfico.

Tócalle agora, o Ciclo, ao Ferro, a ese mundo que xorde das entrañas da terra e fai evolucionar a técnica. O ferro nos distintos aspectos de uso, industriais ou artesanais, artísticos e tamén enigmáticos. Entramos neste mes de marzo, cando o cuco canta e recobra as

Marzo

- 13** sábado, ás 12:00 >> Visita guiada á exposición sobre “**Arqueoloxía 1990-2005**” do Museo Provincial de Lugo.
- 17** mércores, ás 20:00 >> “**A Idade do Ferro na Galiza**”, conferencia con proxeccións do arqueólogo **Anxo Concheiro**, no salón de actos da Deputación Provincial.
- 27** sábado* >> 1ª viaxe do **Ciclo do Ferro: Noia, Porto do Son** (Centro de Interpretación do Castro de Baroña, na mesma vila mariñeira), **Castro de Baroña, Dolmen de Axeitos** (Ribeira), **castro de Neixón** e Centro de Interpretación Arqueolóxica da **Barbanza**. Se hai tempo, visita ás **Torres do Oeste** que, como ben demostraron as escavacións de Naveiro, están sobre un castro costeiro, e algún punto particular de **Padrón** (rúas antigas, Convento e fonte do Carme, esporón do Sar, fermoso e evocador xardín botánico).

Agosto

- 3** martes, ás 20:00 >> Conferencia do historiador **Adolfo de Abel Vilela** sobre “**A industria do ferro tras a revolución industrial de Sargadelos**”, no salón de actos da Deputación provincial.
- 7** sábado** >> En colaboración coa asociación **Mariña Patrimonio**, viaxe a Cervo para visitar a **fábrica de Sargadelos, o Pazo dos Marqueses, Paseo dos Namorados, Museo Histórico de Sargadelos, xardíns do Pazo**. E tamén, en San Cibrao: o **Museo do Mar, a carpintaría de Ribeira da familia Fra e o Castro da Atalaia**.

Outubro

- 19** martes, ás 20:00 >> Mesa redonda sobre “**Artesanía e industria do ferro**”, coa intervención de **Miguel Abreira**, profesor de Historia, e **Xabier Lombardero**, xornalista. No salón de actos da Deputación provincial de Lugo.
- 23** sábado*** >> viaxe pola **Rota do Ferro**, con visitas á **Pontenova (Fornos, Ferrería do Bogo)** e **Riotorto (Mazo da Fraga, Forxa da Ermida)**.

*As anotacións faranse o día da conferencia (17 de marzo) entre as 18,30h e as 20:00. Prazas limitadas a 50 e baixo as condicións habituais.

**As anotacións faranse o día da conferencia (3 de agosto), entre 19:00h e 20:00h. Prazas limitadas a 50 e baixo as condicións habituais.

***As anotacións faranse o día da conferencia (19 de outubro) entre as 18:30h e as 20:00 h. Prazas limitadas a 50 e baixo as condicións habituais.

